



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Economía: Microeconomía

Materia	Economía: Microeconomía			
Código	O04G390V01101			
Titulación	Grao en Consultoría e Xestión da Información			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	9	FB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Fundamentos da análise económica e historia e institucións económicas			
Coordinador/a	Álvarez Díaz, Marcos			
Profesorado	Álvarez Díaz, Marcos Vázquez Mazaira, Rubén			
Correo-e	marcos.alvarez@uvigo.es			
Web	<a href="http://webs.uvigo.es/marcos.alvarez">http://webs.uvigo.es/marcos.alvarez</a>			
Descrición xeral	O obxectivo xeral da materia é o de obter unha visión global da economía en xeral e da microeconomía en particular. Para iso analízase o funcionamento dos mercados e o comportamento dos axentes económicos no que interveñen. En concreto, ofrecerase ao alumno unha perspectiva dos mercados e dos axentes dende o punto de vista de equilibrio parcial, tanto nun contexto de competencia perfecta como nun contexto de competencia imperfecta. Analizarase tamén o papel do estado na formulación da política económica.			

## Competencias de titulación

Código	
A3	1.2 Os conceptos, principios e técnicas de xestión que existen nos aspectos claves da planificación, a xestión e o liderado e a súa aplicación nas empresas. (QAA).
A8	1.7 Os diferentes modelos de análise, xestión e control das organizacións, necesarios para interpretar de maneira coherente o deseño dos sistemas de información coa organización funcional da empresa.
A9	1.8 O crecemento e a importancia da economía dixital, así como as súas implicacións socioeconómicas nas tecnoloxías da información, o comercio electrónico e o comportamento do consumidor.
A15	2.5 Habilidade para utilizar un amplo rango de sistemas, fontes de información y ferramentas de comunicación ou de colaboración electrónicas. (QAA)
A16	2.6 Integrar coñecementos e habilidades para elaborar un traballo académico ou profesional no ámbito dos sistemas de información da empresa, promovendo o traballo en ámbitos próximos á realidade.
B1	6.1 Habilidades directivas incluíndo xestión do tempo, solución de problemas, toma de decisións, e responsabilidade persoal, iniciativa e liderado. (QAA)
B2	6.2 Creatividade, iniciativa e sensibilidade cara aos temas sociais e ambientais.
B4	6.4 Motivación pola calidade e a mellora continua.

## Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Os diferentes modelos de análise, xestión e control das organizacións, necesarios para interpretar de maneira coherente o deseño dos sistemas de información coa organización funcional da empresa.	A8	
Comunicar dunha maneira clara, sistemática e concisa nun amplo rango de temáticas diferentes e ante distintas audiencias, empregando habilidades de comunicación tanto orais como escritas. (QAA)	A15	B4
Capacidade para adaptarse a situacións novas e a novos coñecementos traballando autonomamente e con espírito de superación.	A3 A9 A16	B1 B2

## Contidos

Tema	
I.- INTRODUCCIÓN	<p>Tema 1. Pensar como un economista: conceptos básicos. Escaseza. Economía. Racionalidade. Eficiencia e equidade. Custo de oportunidade. Análise marxinal. Modelos económicos. Microeconomía e macroeconomía. O mercado. Adam Smith e a man invisible.</p> <p>Tema 2. Funcionamento dos mercados: elementos básicos de oferta e demanda. A curva de oferta, a curva de demanda e desprazamentos. Equilibrio e mecanismo do mercado. A elasticidade. Os mercados e a competencia.</p>
II.- A CONDUTA DOS CONSUMIDORES	<p>Tema 3. Os gustos, o orzamento e a elección do consumidor.</p> <p>As cestas. Os gustos, a curva de indiferenza e a relación marxinal de substitución. A restrición orzamentaria e variacións de prezos e renda. A elección. Da demanda individual á demanda de mercado</p>
III.- A CONDUTA DA EMPRESA	<p>Tema 4. A produción: tecnoloxía e rendementos de escala.</p> <p>A función de produción. Produto medio e marxinal. Lei de rendementos marxinais decrecentes. Descrición dos rendementos de escala.</p> <p>Tema 5. Os custos de produción</p> <p>Custo económico e custo contable. Custo de oportunidade. Custos irrecuperables. Custos fixos e variables. Da función de produción á curva de custo total. Custo fixo e variable. Custo medio e marxinal. O custo a longo prazo e a elección da combinación de factores que minimizan custos (recta isocusto, isocuantas e relación técnica de substitución, elección).</p> <p>Tema 6. Maximización de beneficios e a oferta competitiva</p> <p>Ingreso total e beneficio. Ingreso marxinal, custo marxinal e maximización de beneficios. Maximizan as empresas os beneficios? A curva de custo marxinal e a decisión de oferta da empresa competitiva. A decisión de pechar. A oferta individual e de mercado.</p>
IV. O FUNCIONAMENTO DOS MERCADOS COMPETITIVOS E O BENESTAR	<p>Tema 7. O mecanismo de mercado competitivo e a política económica.</p> <p>Oferta e demanda. Equilibrio. Eficiencia do equilibrio competitivo. Excedente do consumidor e do produtor. Intervención pública con controis de prezos (máximos e mínimos) e impostos. Efectos sobre o mecanismo de mercado e sobre o benestar.</p>
V. POR QUÉ NON FUNCIONAN OS MERCADOS	<p>Tema 8. O poder de mercado</p> <p>Monopolio natural e barreiras á entrada. Decisións de produción e prezos. O ingreso e a maximización dos beneficios. El custo do monopolio en termos de benestar. Oligopolio e competencia monopolística. Efectos sobre o benestar social. A actitude dos poderes públicos ante o exercicio de poder de mercado.</p> <p>Tema 9. Externalidades, Bens Públicos e Información Asimétrica.</p> <p>Externalidades e a ineficiencia do mercado. Solucións privadas e políticas públicas. Bens públicos fronte a outros bens. O problema do parasito. A traxedia dos bens comunais. Os dereitos de propiedade. A información asimétrica: selección adversa e risco moral.</p>

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas e/ou exercicios	22.5	18	40.5
Titoría en grupo	7.5	19.5	27
Sesión maxistral	44	75	119

Probas de tipo test	0	33	33
Probas de resposta curta	1	4	5

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	As clases prácticas consistirán na resolución de follas de exercicios que se proporcionarán aos alumnos con antelación para que os resolvan antes da clase. Dese modo poderán identificar aquelas cuestións que lles resultan máis dificultosas e poderán resolver as súas dúbidas en clase.  Tamén se realizará o seguimento da aprendizaxe dos estudantes mediante pequenas probas e exercicios que haberán de entregar.
Titoría en grupo	Nos seminarios en grupos reducidos realizaranse diversas actividades dirixidas a afianzar os coñecementos adquiridos polos alumnos nas clases teóricas e prácticas.
Sesión maxistral	As clases teóricas impartiranse nas 15 semanas do cuadrimestre. Nas clases teóricas expóranse de forma reducida os principais contidos dos distintos temas, desenvolvéndose con máis detalle os puntos de maior complexidade. Para un axeitado seguimento e comprensión das clases é necesario que os alumnos lean con antelación a bibliografía básica recomendada para cada un dos temas.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Titoría en grupo	Os alumnos poderán empregar o horario de titorías, determinados polo profesor, para unha atención personalizada do alumno no despacho co fin de resolver dúbidas das clases teóricas e prácticas.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Os alumnos poderán empregar o horario de titorías, determinados polo profesor, para unha atención personalizada do alumno no despacho co fin de resolver dúbidas das clases teóricas e prácticas.
Sesión maxistral	Os alumnos poderán empregar o horario de titorías, determinados polo profesor, para unha atención personalizada do alumno no despacho co fin de resolver dúbidas das clases teóricas e prácticas.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación
Probas de tipo test	Entrega de follas de exercicios e a nota dos pequenos controis que periodicamente se poidan facer.	20
Probas de resposta curta	Exame escrito (ata 8 puntos): Realizarase un exame parcial co contido teórico e práctico dos primeiros temas da materia, e un exame final que terá lugar na data oficial establecida no calendario de exames. O exame final constará de 2 partes (a primeira corresponderase cos temas 1 a 5 e a segunda cos temas restantes), cada unha das cales valorarase sobre 10. Para poder aprobar a materia será preciso obter como mínimo 3 dos 10 puntos en cada unha das partes. Nese caso, a nota do exame obterase como a media aritmética simple das cualificacións obtidas en cada unha das partes. Os alumnos que superen o exame parcial (obtendo unha cualificación igual ou superior a un tercio da nota máxima do exame) só terán que examinarse no exame final da parte correspondente aos temas restantes. Os alumnos que non superen o exame parcial terán que examinarse de toda a materia no exame final.	80

### Outros comentarios sobre a Avaliación

NOTA IMPORTANTE: Como xa se mencionou, a nota final da materia resulta da suma da cualificación obtida na avaliación continua máis a obtida no exame. Con todo, a puntuación do exame só se terá en conta cando en cada unha das partes do mesmo o alumno obteña unha puntuación igual ou superior a un tercio da nota máxima do exame. En caso contrario, a cualificación final será igual á puntuación obtida por avaliación continua. A cualificación dos alumnos que non se presentan ao exame será a cualificación que obteñan por avaliación continua. Para aprobar a materia será preciso obter unha nota final igual ou superior a 5 puntos. A descrición desta guía está pensada para a modalidade presencial. A nota obtida polo alumno na parte presencial poderá ter vixencia para as convocatorias para as que da dereito a matrícula de cada curso académico.

### Bibliografía. Fontes de información

Blanco J.M. y Aznar, J., **Introducción a la Economía**, Mc Graw Hill, 4ª edición, 2004,

Pindyck, R. y Rubinfeld, D, **Microeconomía**, Prentice Hall, 7ª edición, 2009,

Mankiw, N.G, **Principios de Economía**, Thomson, 4ª edición, 2007,

---

## **Recomendaciones**

---